



MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

CENTRO: IES DE SALVATERRA DE MIÑO
DATA: XX/04/2022



ÍNDICE DE CONTIDOS

- 1. Criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación do alumnado da ESO.**
- 2. Criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación do alumnado do Bacharelato.**
- 3. Criterios do outorgamento de matrículas de honra na ESO e no Bacharelato.**
- 4. Criterios e decisións xerais na modificación das PD do curso 2021/22.**
- 5. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1.- Criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación do alumnado da ESO

1. ESO Criterios de avaliación	<p>1.- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.</p> <p>2.- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en ESO</p> <p>3.- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.</p> <p>4.- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.</p> <p>5.- A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.</p> <p>6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora. O profesorado realizará de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.</p> <p>7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso</p> <p>8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.</p> <p>9. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.</p>
---	--

<p>2. Criterios de promoción</p>	<p>1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os seguintes criterios:</p> <p>1.1. Promocionará dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.</p> <p>1.2. O equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da matrícula dese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</p> <p>b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.</p> <p>c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.</p> <p>d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.</p> <p>2. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, seguindo o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p> <p>3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso; considerarase unha medida de carácter excepcional e planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado, seguindo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.</p> <p>Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.</p> <p>Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación.</p>
---	--

<p>3- Criterios de titulación</p>	<p>1. Ao finalizar o cuarto curso, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a titulación do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.</p> <p>1.1. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.</p> <p>1.2. O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da matrícula nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</p> <p>b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.</p> <p>c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.</p> <p>Os criterios de titulación do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de titulación establecidos para cada curso</p>
<p>4- Criterios de obtención do título de ESO para alumnado de FPB</p>	<p>A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.</p>

2.- Criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación do alumnado do Bacharelato

1. BACH. Criterios de avaliación

1. A **avaliación da aprendizaxe** do alumnado levarase a cabo tomando como **referentes para** a comprobación do **grao de adquisición das competencias** e do logro dos **obxectivos da etapa os criterios de avaliación** e, de ser o caso, os **estándares de aprendizaxe** que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A **avaliación da aprendizaxe** do alumnado **será continua e diferenciada** segundo as distintas materias, terá un **carácter formativo** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.
4. **O alumnado que non supere algunha materia**, logo da **avaliación final do período ordinario**, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha **proba extraordinaria** nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
5. Ao longo de cada curso **realizaranse** para cada grupo **tres sesións de avaliación parciais**. Así mesmo, **farase o seguimento da recuperación das materias pendentes**, se for o caso. **A derradeira** destas tres sesións **poderá coincidir coa avaliación final** do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha **sesión de avaliación** logo da realización das probas **extraordinarias**. As avaliacións finais ordinaria terán lugar a partires do 6 de xuño de 2022 e extraordinaria realizaranse a partires do 23 de xuño de 2022.
6. No **período abranguido** desde a realización da **avaliación final ordinaria** ata as datas de celebración das **probos extraordinarias**:
 - 6.1. No **1º curso de bacharelato**, dedicarase á **preparación e á realización** das **probos extraordinarias**, e a **actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría**.
 - 6.2. No **2º curso de bacharelato**, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de **preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade** e das **probos extraordinarias**.

<p>2. Criterios de promoción</p>	<p>1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.</p> <p>2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.</p> <p>3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.</p> <p>4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.</p> <p>5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.</p> <p>6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.</p>
---	--

<p>3. Criterios de titulación</p>	<p>1-O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.</p> <p>3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.</p> <p>b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Para a consecución desta condición, considerarase como inasistencia continuada e non xustificada unha porcentaxe superior ao 10% do horario lectivo mensual da materia, tal e como se recolle no apartado 2.1 do protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. Para a consecución desta condición, considerarase o que se estableza na Programación Didáctica do Departamento ao que a materia non superada está adscrita.</p> <p>d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.</p> <p>4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.</p> <p>5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.</p>
--	---

3.- Criterios do outorgamento de matrículas de honra na ESO e no Bacharelato

<p>1. Criterio s xerais para a ESO</p>	<p>1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.</p> <p>2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.</p> <p>3. No caso de que houberse máis alumnado en condicións de optar a este recoñecemento que matrículas de honra se podan conceder, o criterio para a adxudicación consistirá no cálculo da nota media esixida con tantas cifras decimais necesarias ata o desempate.</p>
---	--

<p>2. Criterios xerais para o Bacharelato</p>	<p>1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención podará concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.</p> <p>2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.</p> <p>3. No caso de que houberse máis alumnado en condicións de optar a este recoñecemento que matrículas de honra se podan conceder, o criterio para a adxudicación consistirá no cálculo da nota media esixida con tantas cifras decimais necesarias ata o desempate.</p>
--	--

4.- Criterios xerais na modificación das Programacións Didácticas do curso 2021/2022

4.1. Procedemento para seguimento da recuperación de materias/ámbitos pendentes

4.2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO

4.3. Criterios xerais nas actividades de preparación de probas extraordinarias e de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 1º de Bacharelato

4.4. Criterios xerais nas actividades de preparación de probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 2º de Bacharelato

De acordo co disposto no artigo 4.2 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. Respecto aos puntos 4.1, 4.2, 4.3 e 4.4, corresponde ao profesorado que imparte a materia ou ámbito, **baixo as directrices e acordos** do correspondente **departamento didáctico** ao que a materia ou ámbito están adscritos, **establecer os procedementos e criterios de avaliación e cualificación**. Compre por tanto **remitir á consulta** destes aspectos ás **Programacións Didácticas** de cada un dos departamentos e, no seu caso, ás pertinentes adaptacións destas, onde se detallan adaptados e contextualizados a cada unha das áreas de coñecemento.

4.5. Protocolo para a elaboración do informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para alumnado con materias/ámbitos sen superar na etapa da ESO.

O informe de avaliación individualizada para o alumnado da ESO **será estandarizado** para a súa **elaboración** definitiva no **período da sesión de avaliación**. **Incluirá información** relevante sobre as **materias ou ámbitos sen superar** e, de ser o caso, **das medidas de reforzo educativo que se estableceron e/ou adoptarán** para as correspondentes actividades de recuperación.

4.6 Modelo a utilizar para a modificación das Programacións Didácticas

A adaptación das Programacións Didácticas dos Departamentos do centro levarase a cabo, preferentemente, seguindo o modelo remitido pola Inspección educativa. En calquera caso, na referida modificación especificarase:

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación.

1.1. Criterios sobre a avaliación e cualificación parcial e os procedementos de recuperación das mesmas, así como para a cualificación final da ESO.

1.2. Criterios sobre a avaliación e cualificación da avaliación parcial e os procedementos de recuperación das mesmas, así como para a cualificación final no Bacharelato e os procedementos para a avaliación extraordinaria.

1.3. Criterios e procedementos sobre a avaliación e cualificación das materias ou ámbitos pendentes.

2. Metodoloxía e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría (ESO e 1º de Bacharelato) e/ou preparación de probas extraordinarias (1º e 2º Bacharelato) e de avaliación de acceso á universidade (2º Bacharelato)

5.- Aprobación e publicidade

1. Aprobación

A presente modificación da concreción curricular para o curso 2021/2022 foi acordada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES de Salvaterra de Miño e aprobada polo Claustro do IES de Salvaterra de Miño a 21 de abril de 2022

2.
Publicidade

1. Os criterios de promoción e titulación das etapas da ESO e do Bacharelato foron publicadas na páxina web do IES de Salvaterra de Miño a 27 de abril de 2022. As familias foron informadas deste feito mediante mensaxería a través da aplicación Abalar Móbil por parte da dirección do centro o 27 de abril de 2022.

2. As modificacións das programacións didácticas, requiridas coa publicación da Orde do 25 de xaneiro de 2022, foron publicadas na páxina web do IES de Salvaterra de Miño a 27 de abril de 2022: Ao igual que no caso anterior as familias foron informadas por mensaxería a través da aplicación Abalar Móbil por parte da dirección do centro o 27 de abril de 2022.

3. A presente modificación da concreción curricular foi publicada na páxina web do IES de Salvaterra de Miño a 27 de abril de 2022. Novamente as familias foron informadas mediante mensaxería a través da aplicación Abalar Móbil por parte da dirección do centro.

